



Programación cultural
Oleiros
febreiro
abril 2019



Concello de
Oleiros



PROGRAMACIÓN DE ESPECTÁCULOS NOS AUDITORIOS MUNICIPAIS

Música • Cine • Teatro



Centro Cultural A Fábrica

*Rúa do Inglés, 13
Perillo*



Centro Cultural As Torres

*Rúa Emilio Pardo Bazán, 17
Santa Cruz / Liáns*



Auditorio Gabriel García Márquez

*Rúa do Chelito, s/n
Mera / Serantes*



VI CICLO DE MÚSICA VOCES CÁLIDAS PARA NOITES DE INVERNO

Sábado 2 de febreiro ás 20:30 horas

Auditorio da Fábrica, Perillo

Café Brasil Trío

Esta formación está consolidada por tres músicos de extensa carreira musical e gran diversidade en canto a xéneros musicais e riqueza cultural.

As súas inxedanzas musicais lévanos a formar este trío, interesante e atractivo no que destaca tanto a voz como a sutileza do acompañamento rítmico, ambientando con elegancia e calidez os seus eventos e noites, onde se interpretan cun estilo brasileiro os clásicos máis populares da bossanova, samba, boleros, baladas e algúns estándares de jazz.

O contrabaixo de Alfonso Calvo, o piano de Cristian Leggiero e a voz de Narci Rodríguez conforman este trío cun repertorio composto do máis clásico da música popular brasileira e do Jazz.



As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas a un prezo de **2,50** euros, ata completar a capacidade da sala.

Sábado 9 de febreiro ás 20:30 horas

Auditorio da Fábrica, Perillo


Iria Estévez: Atlántica

Iria Estévez é unha cantante galega con amplo percorrido. No ano 2010 sobe por primeira vez a un escenario para cantar, liderando o proxecto Clave de Fado e co seu estilo persoal e a súa voz versátil conseguiu abrir-se un oco rapidamente no panorama musical de Galicia.

*Nesta ocasión Iria Estévez presenta o seu traballo en solitario, e con esta nova proposta, **Atlántica**, Iria Estévez nos transporta a terras próximas e afastadas, a través das músicas que navegan no noso mar. Fado, son, cantiga galega, músicas de Cabo Verde a Arxentina, que reflicten o eterno navegar; ás veces sereno e suave e outras, enérxico e intenso.*



As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas a un prezo de **2,50** euros, ata completar a capacidade da sala.



Sábado 16 de febreiro ás 20:30 horas

Auditorio da Fábrica, Perillo

Turma Caipira: Bellis Silvestris

O apaixonamento pola música popular brasileira foi o motor de arranque para este cuarteto que xurdiu na Coruña en 2009.

*Alén de todos estes anos dedicados ao estudo e divulgación deste xénero, a banda formada por Marga Ramos na voz, Fran Castro no piano, Quique Alvarado no baixo e Samuel Pérez na batería, actualmente está a presentar o seu primeiro traballo discográfico titulado **BELLIS SILVESTRIS** no que sacan á luz as súas propias composicións e afondan nas súas inquedanzas, o amor, a introspección e a necesidade de coñecer e confluír no universo infinito da música brasileira.*



As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas a un prezo de **2,50** euros, ata completar a capacidade da sala.

Sábado 23 de febreiro ás 20:30 horas

Auditorio da Fábrica, Perillo

Gabriel Triana Quartet

Gabriel Triana Quartet formado por Sergio Delgado no piano, Quique Alvarado no contrabaixo, Samuel Pérez na batería e a voz de Gabriel Triana.

O seu repertorio fundamentalmente baséase en estándares de jazz remembering a Frank Sinatra, Nat king Cole e outros clásicos.



As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas a un prezo de **2,50** euros, ata completar a capacidade da sala.





Sábado 2 de marzo ás 20:30 horas

Auditorio da Fábrica, Perillo



Adhara & Ritman

Adhara & Ritman é un novo proxecto musical que xorde das raíces. Co ghalhegho como voz e unha instrumentación baseada nas raíces folk da terra... Decidimos liberarnos e facer aquilo que nos sae de dentro sen medo a mesturalo coa música latina, reagge, swing, soul... e principalmente rock. Dentro... somos unha explosión! e iso é o que queremos amosarvos!!

As nosas letras varían desde temas propios a adaptacións de poemas como da ghran Rosalía de Castro entre outros.

O ghrupo está formado por 4 pés para un banco...

Adhara Caamaño (A Cuncheira de Sofán) é a nosa voz principal. Tito Barbeito (Tito Ritman) voz, guitarra e harmónica. Arturo Krest como batería e percusionista. Andrés Castro ao baixo!

“O verdadeiro heroísmo está en transformar os desexos en realidade e as ideas en feitos”

Castelao



As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas a un prezo de **2,50** euros, ata completar a capacidade da sala.

ESPECTÁCULOS DA REDE AGADIC NO 1º SEMESTRE DE 2019

Sábado 16 de marzo ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

Señora Supina,

presenta o espectáculo

Cinco mulleres que comen tortilla



Autoría: Andrew Hobgood e Evan Linder **Dirección:** Javier Lojo

Sinopse: *Cinco mulleres que comen tortilla é unha comedia delirante e enxeñosa que transporta o espectador á América dos anos 50 grazas ao humor e a unha coidada posta en escena totalmente inmersa. Un búnker esmeradamente decorado no que se integra o público desde que entran pola porta asignándolles un nome. Cada un dos espectadores é unha máis das irmás, unha máis das viúvas convidadas ao concurso de tortillas da Susan B. Anthony. A liberdade, a relixión, o feminismo, as moralidades e o medo ao descoñecido son os motores desta exitosa comedia internacional que foi estreada en Chicago antes de formar parte do New York Fringe, converténdose nun éxito absoluto do Off-Broadway e atrapando a milleiros de espectadores de Estados Unidos desde entón. Son moitos os países que acolleron a esta irmandade, acadando enorme éxito en Reino Unido, Australia e, en España, coa versión en castelán.*

Elenco: Nola Drake, Raquel Ferraz, Laba Outeda, Laura Quintas e Gabi Modesto

Xénero: comedia **Duración:** 80 minutos **Público:** maiores de 12 anos

Prezo: 3,50 euros (As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).



Sábado 23 de marzo ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

Teatro do Atlántico,
presenta o espectáculo

Dúas donas que bailan

Autoría: Josep M. Benet i Jornet

Dirección: Xúlio Lago

Sinopse: *Unha muller maior, viúva, que soña cunha viaxe a París, resístese a abandonar o esfarelado piso no que habita, malia as presións dos fillos e tamén da axencia propietaria do inmoble. Todos eles teñen outros plans para a vivenda. A filla, en tanto non consegue que a nai mude de actitude, contrata unha muller para que vaia facer os labores domésticos na casa dúas veces por semana. A muller contratada é unha profesora de Lingua e Literatura, de mediana idade, obrigada polas circunstancias a aceptar o traballo. O seu carácter contestatario é parello ao da vella, outrora unha muller rebelde e activista. A presenza da contratada non é ben recibida e cada xornada convértese nun inquietante e por veces traxicómico enfrontamento.*

O autor fainos compartir o drama, os sonhos e os fracasos das súas complexas personaxes nunha viaxe intensa, brutalmente divertida, conmovedora, plena de beleza dramática e iluminada pola inmensa humanidade que dúas mulleres agochan baixo a férrea armadura de ironía e dureza coa que intentan defenderse dos implacábeis embates da sociedade insensíbel e cruel na que lles tocou habitar.

Elenco: María Barcala e María Ángeles Iglesias **Xénero:** Traxicomedia

Duración: 85 minutos **Público:** maiores de 12 anos



Prezo: 3,50 euros (As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).

Sábado 30 de marzo ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

Ainé Producións,
presenta o espectáculo
Coleccionistas

Autoría: Oswaldo Digón, Marcos Pereiro,
Santi Romay. **Dirección:** Oswaldo Digón.

Sinopse: *A historia da arte chega aos teatros. Faino da man de Marcos Pereiro, Oswaldo Digón e Santi Romay, os protagonistas de 'Coleccionistas', un novo espectáculo de comedia cargado de sorpresas no que o importante non só acontecerá sobre o escenario.*

*Os espectadores de cada función converteranse por unha noite en afa-
mados coleccionistas das mellores obras de arte, dispostos a participar
nunha gran poxa. Pereiro, Digón e Romay, responsables de tan importan-
te evento, encargaranse de describir con todo luxo de detalles a historia,
o anecdotario ou o proceso de creación de cada un dos cadros, cando non
a vida do artista.*

*'Coleccionistas' contará ademais coa música en directo do mestre Cris-
tian Leggiero, que acompañará o relato de cada unha das obras seleccio-
nadas polo público*

Elenco: Marcos Pereiro, Oswaldo Digón, Santi Romay e Cristian Leg-
giero. **Xénero:** Comedia. **Duración:** 75 minutos. **Público:** maiores de
12 anos.



Prezo: 3,50 euros (As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas,
ata completar a capacidade da sala).



Sábado 6 de abril ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

Estudo Momento,
presenta o espectáculo

Macbeth. **O ruído e a furia**

Autoría: William Shakespeare

Dirección: Estudo Momento



Sinopse: *Macbeth. O ruído e a furia*, adaptación en verso de Manuel Lourenzo. A grande traxedia celta de William Shakespeare protagonizada polos actores Xoán Carlos Mejuto, Luis Iglesia, Iria Ares, Carlos Sante e David Perdomo.

Unha viaxe á chaira escocesa, neboenta e insegura. Tambores de guerra. Berros de barro. Versos de sangue, traizón e morte. Feiticeiras retranqueiras e ministras do fado, manipuladoras dos máis bravos guerreiros. Un tempo eterno e circular do que ninguén volve xamais. Volven os tempos escuros. Volven os tempos de Macbeth.

Elenco: Xoán Carlos Mejuto, Luis Iglesia, Iria Ares, Carlos Sante e David Perdomo **Xénero:** Teatro clásico **Duración:** 80 minutos **Público:** maiores de 12 anos

Prezo: 3,50 euros (As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).


Sábado 13 de abril ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

N+1,
presenta o espectáculo
Involución


Autoría: Fredi Muíño
Dirección: Pablo Sánchez

Sinopse: *O circo, a danza e o teatro serán o lenzo para debuxar a historia da humanidade sobre o noso planeta, a súa violenta infancia no espazo, unha madurez viva e relativamente equilibrada, o seu porvir incerto. Tres actos dunha aventura axitada que podería transformarse en traxedia a menos que aprendamos a facernos cargo do seu destino.*

Elenco: Alfredo Pérez Muíño **Xénero:** Novo circo **Duración:** 60 minutos
Público: maiores de 12 anos



Prezo: 2,50 euros (As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).





• Prégase puntualidade.

Por respecto aos artistas e ao resto do público, non se permitirá o acceso ao patio de butacas unha vez iniciado o espectáculo.



• Non se permite comer nin beber dentro do patio de butacas.

• Os móbiles permanecerán apagados durante a duración do espectáculo.

• Non se permite fumar en ningún espazo do auditorio.

• Non se permite filmar, gravar ou sacar fotografías sen a correspondente autorización.

Moitas grazas.



The background features several watercolor butterflies in various colors: a large blue butterfly with white spots in the upper left, a green butterfly in the upper right, a smaller blue butterfly in the lower left, and a vibrant orange and yellow butterfly in the lower center. The butterflies are surrounded by abstract watercolor splashes and washes in shades of purple, blue, and green, creating a soft, artistic atmosphere.

***Oleiros,
para gozar
da súa cultura!***

Coa colaboración da Agadic
(Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia)



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

AGADIC



Agencia Galega das
Industrias Culturais



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

